



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO RURAL
AGRUPADO
RAÍÑA ARAGONTA

PROXECTO LINGÜÍSTICO



Aprobación: 07/10/25
Versión: 1.0



PLURINFANTIL



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
3. REALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	6
3.1. . RESULTADOS OBTIDOS	10
3.1.1. Familias.....	10
3.1.2 Profesorado	13
3.1.3. Concello.....	15
3.2 CONCLUSIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS	15
4. ELEMENTOS DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA	17
4.1. OBXECTIVOS	17
4.2. MEDIDAS ADOPTADAS	18
4.2.1 As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento ao abeiro do disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.....	18
4.2.2. As medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas se lle imparten.....	19
4.2.3 Alumnado procedente doutras comunidades de España ou do estranxeiro	20
5. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	22
6. PLURINFANTIL.....	24
7. CONCLUSIÓN.....	26

1. INTRODUCCIÓN

A lingua é un sistema de comunicación verbal e escrito, de convencións e regras gramaticais, empregado polas comunidades humanas con fins comunicativos. É unha das súas principais marcas de identidade e transmítese de xeración en xeración.

En Galicia dáse unha situación característica, onde son oficiais dúas linguas, o galego e o castelán. Así, o galego é cooficial en Galicia xunto co castelán (Constitución española de 1978, artigo 3.2 e Estatuto de Autonomía de Galicia, artigo 5).

O galego é unha lingua romance que se orixinou no noroeste da península Ibérica hai arredor de 2000 anos e ofrécenos unha riqueza inmensa de creatividade, de alfabetización, de identidade social, de coñecemento... por todo isto, cremos que o futuro do noso idioma está nas novas xeracións, polo cal dende a escola temos a necesidade e a obriga de compartir con todos/as os/as nenos/as a ledicia por aprender e empregar unha lingua tan fermosa como é a nosa.

Para poder transmitir e traballar una lingua debemos, en primeiro lugar, ter en conta o marco legal que regula a súa utilización. Así atenderemos á seguinte lexislación:

- Lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística
- Lei 2/2006 do 3 de maio de educación.
- Lei Orgánica, 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 7 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se autorizan centros educativos para impartir o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación

infantil (Plurinfantil), para o curso 2019/20.

- Decreto 150/2022 do 4 de Xuño, polo cal se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Atendendo a esta lexislación, ao remate do ensino obrigatorio garantirase a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA RAÍÑA ARAGONTA conta con 15 unidades de educación infantil, situadas en 7 edificios espallados polas seis parroquias de Salceda de Caselas, unha vila do interior da provincia de Pontevedra:

- 9 unidades de educación infantil en Salceda de Caselas centro (aulas de Esfarrapada), onde os nenos están escolarizados por idades:

3 aulas de 4º de educación infantil

3 aulas de 5º de educación infantil

3 aulas de 6º de educación infantil

- 6 unidades nas parroquias pertencentes a Salceda de Caselas. Estas unidades son mixtas:

Barreiro

Budiño

Entenza

Fontán

Picoña

San Xurxo.

3. REALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Para analizar a situación do galego na comunidade educativa, empregamos a pregunta feita ás familias no período de matrícula. En canto os datos dos mestres e mestras, e os datos do concello realízanse empregando unhas enquisas.

MODELOS DE ENQUISAS

Enquisa para a definición da contorna sociolingüística do centro (Mestres e mestras).

1. Lingua que emprega habitualmente no fogar:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

2. Lingua que emprega habitualmente nas súas conversas:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

3. Lingua que emprega habitualmente co profesorado do centro:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

4. Capacidade que ten para empregar o galego na actividade docente (facilidade que ten para empregar a lingua galega cando non é a que emprega normalmente):

Moi baixa

Baixa

Media Alta

Moi alta

5. Actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo:

Moi desfavorable

Desfavorable

Indiferente

Favorable

Moi favorable

6. Que pensa sobre o uso habitual do galego na escola?:

Moi desfavorable

Desfavorable

Indiferente

Favorable

Moi favorable

7. Nivel de galego:

Celga 4

B2

C1

NS/NC

Enquisa para a definición da contorna sociolingüística (concello)

1. Lingua habitual do concello:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

2. Lingua habitual nas interaccións con outros concellos :

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

3. Lingua habitual nas interaccións cos habitantes de Salceda de Caselas:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

4. Lingua empregada na comunicación cos centros educativos:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

5. Lingua empregada polo concello nos seus actos oficiais:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

6. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, rotulación das rúas, notas informáticas, bandos...:

Ningunha

Pouca

Moderada

Boa

Plena

7. Lingua habitual do persoal que traballa no concello:

Só castelán

Predomina o castelán

Castelán e galego por igual

Predomina o galego

Só galego

8. Actitude do persoal traballador do concello cara a utilización do galego:

Moi desfavorable

Desfavorable

Indiferente

Favorable

Moi favorable

3.1. . RESULTADOS OBTIDOS

3.1.1. Familias


A maioría das familias do centro pertence a una vila pequena.

No período de matrícula, faise una pregunta aos pais co fin de determinar cal é a lingua materna maioritaria dos alumnos e alumnas. O resultado de dita pregunta determinou o seguinte:

AULAS DE PARROQUIAS


Barreiro

■ Galego ■ Castelán




Entenza

■ Galego ■ Castelán




Budiño

■ Galego ■ Castelán




Fontán

■ Galego ■ Castelán




San Xurxo

■ Galego ■ Castelán



Picoña


■ Galego ■ Castelán



AULAS DA ESFARRAPADA. SEDE DO CRA


4º EI - A

■ Galego ■ Castelán




4º EI - B

■ Galego ■ Castelán




4º EI - C

■ Galego ■ Castelán



5º EI - A

■ Galego ■ Castelán



5º - EI - B

■ Galego ■ Castelán




5º EI - C

■ Galego ■ Castelán




6º EI - A

■ Galego ■ Castelán



6º EI - B

■ Galego ■ Castelán






6º EI - C

■ Galego ■ Castelán




3.1.2 Profesorado


As enquisas que se remitiron o profesorado deron como resultados os seguintes:




Capacidade que ten para empregar o galego na actividade docente




Cal pensa que é a actitude do profesorado cara o uso do galego no ámbito educativo?



Que pensa sobre o uso habitual do galego na escola?



Nivel do idioma galego que posúe



3.1.3. Concello

A enquisa levada a cabo ao concello, respondeuna a concelleira de cultura, educación, normalización e benestar. O resultado é o seguinte:

1. Lingua habitual do concello: Predomina o galego
2. Lingua habitual nas interaccións con outros concellos: Só galego
3. Lingua habitual nas interaccións cos habitantes de Salceda de Caselas:
Predomina o galego
4. Lingua empregada na comunicación cos centros educativos: Só galego
5. Lingua empregada polo concello nos seus actos oficiais Só galego
6. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, rotulación das
rúas, notas informáticas, bandos...: Plena
7. Lingua habitual do persoal que traballa no concello: Predomina o galego
8. Actitude do persoal traballador do concello cara a utilización do galego:
Indiferente

3.2 CONCLUSIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS

A pregunta feita ás familias no período de matrícula, revela que a maioría do alumnado do centro ten como lingua materna o castelán. Unha análise máis detallada permítenos observar como hai unha notable diferenza entre as aulas de Esfarrapada (localizadas no centro do concello) e as aulas de parroquias, sendo nestas últimas onde a lingua galega presenta unha maior presenza como lingua maioritaria en tres das seis aulas (Entenza, Picoña e Budiño).

Con estes datos, tendo en conta tanto os datos extraídos no tocante ao profesorado, como os datos referidos ao alumnado, podemos concluír que existe unha

tendencia a favor do castelán tanto no profesorado como no alumnado, de forma xeral. Para que estes resultados muden, de cara a vindeiros cursos, sería necesario que o profesorado presentase unha mellor actitude de cara ao uso do galego, xa que posúen o nivel de formación. Cómpre que sigamos traballando para acadar os obxectivos que este centro pretende de cara á adquisición da lingua galega.

Nesta enquisa á concelleira podemos comprobar que, na actualidade, o galego se constitúe como a lingua que máis se emprega e a que maior presenza ten no Concello. Así por exemplo, vemos como o galego está presente: nas interaccións entre os propios empregados do Concello, nas comunicacións con outros Concellos, á hora de comunicarse coa poboación, cos centros educativos... e a actitude que se manifesta cara a utilización do galego é favorable.

Por outra banda, engadir que só con percorrer a contorna atopámonos cos nomes das rúas, os diferentes letreiros, os sinais indicativos, etc. en galego.

4. ELEMENTOS DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

4.1. OBXECTIVOS

O obxectivo primordial do Equipo de Dinamización da Lingua Galega deste centro é conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, así como darlle prioridade á súa presenza. Con este fin, establecéronse os seguintes obxectivos que quedan recollidos na programación anual do equipo:

- Usar a lingua galega dun xeito natural.
- Facer un uso normalizado do galego no centro e en xeral con toda a comunidade educativa.
- Valorar positivamente a pluralidade lingüística da nosa comunidade.
- Fomentar o intercambio de experiencias e coñecementos na lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- Informar á comunidade educativa das novidades lexislativas, campañas e actividades culturais que xurdan desde diferentes organismos.
- Promover e celebrar as festas tradicionais populares de Galicia en colaboración cos demais equipos constituídos no centro.
- Recuperar, empregar e difundir a cultura oral da comarca: refráns, ditos populares, poesías, cantigas...
- Achegarse á lingua escrita a través de diferentes textos: poemas, narracións, contos, revistas...
- Coñecer ao autor/a homenaxeado o día das letras galegas e a súa obra.
- Adquirir novidades editoriais en lingua galega.

4.2. MEDIDAS ADOPTADAS

Ao longo destes anos, o centro ven tomando unha serie de medidas que permiten un maior achegamento á lingua galega. Ditas medidas son entre outras:

- Ter en galego os carteis do centro.
- Utilizalo galego como lingua de comunicación habitual.
- Empregalo galego nos documentos de relación coas familias e a documentación administrativa e pedagóxica.
- Ter en galego os cuños.
- Utilización das TIC's promovendo a súa identificación co uso do galego: recursos, programas informáticos...
- Recompilar material que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas para elaborar recursos.
- Editar en galego o xornal escolar e outras publicacións desta índole.
- Ter dotada a biblioteca do centro e da aula de revistas e libros en galego fomentando o seu uso.
- Dotación de materiais audiovisuais en galego.
- Fomentar o desenvolvemento de xogos en galego.

4.2.1 As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento ao abeiro do disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Tendo en conta o disposto no Decreto 79/2010 sobre Educación Infantil, a lingua que se debería empregar no centro cos nenos e nenas é a Lingua castelá posto que unha vez feita a enquisa ás familias de todo o alumnado do centro o resultado foi

que a lingua materna predominante entre eles é o castelán. O artigo 5 do mencionado Decreto, é o que facía referencia a este aspecto pero foi anulado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza o 21/11/2012, polo cal dita pregunta deixa de ser vinculante. Sen embargo, neste centro consideramos importante tela en conta para un maior achegamento aos nenos e nenas e para que estes perciban unha maior unión entre os seus fogares e a escola. Por todo isto, a lingua coa que xeralmente nos desenvolvemos no centro é o castelán. Este feito é diferente nas aulas de Budiño, Entenza e Picoña, onde a lingua materna maioritaria é o galego, polo cal esta é a lingua empregada xeralmente. Sexa cal sexa a lingua maioritaria de cada unha das aulas, o alumnado poderá empregar nas súas manifestacións orais e escrita a lingua da súa preferencia .

En todo momento se tratará de inculcar e dar a coñecer a outra lingua non materna ao alumnado, sempre dun xeito lúdico para que así as aprendizaxes sexan o máis significativas posible.

O material de traballo na aula estará en galego e en castelán.

4.2.2. As medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas se lle imparten.

As medidas que se poñerán en marcha para que o alumnado poida mellorar o seu dominio da lingua galega son:

- Biblioteca escolar, consulta e préstamo de libros.
- Apoios dentro da aula.
- Adaptación de material ou do currículo si se dá o caso, empregando Reforzo educativo ou Adaptación curricular na área de dificultade.

- Facilitar á comunidade educativa material como correctores de texto, tradutores...
- Acción tutorial.

4.2.3 Alumnado procedente doutras comunidades de España ou do estranxeiro

A orde do 8 de setembro de 2021, recolle unha serie de directrices a ter en conta:

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

A participación nestas medidas realizarase, respectivamente, segundo se dispón nos artigos 68 e 69 da orde do 8 de setembro de 2021.

A escolarización do alumnado procedente do estranxeiro realizarase segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que

lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente. Esta medida só se aplicará nas etapas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar calquera desas etapas, dentro dos límites de idade establecidos.

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

5. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está composto este curso, tal e como se estableceu no claustro celebrado no centro o día 1 de setembro, por:

- Álvarez Lago, Helena
- Cobas Pérez, Sheila (coordinadora)
- Ferro Rodríguez, Laura.

A totalidade do Claustro neste curso 2025/2026 comprométese a traballar sobre os seguintes aspectos:

- Promover a autoestima do galego e do seu uso.
- Realizar actividades que melloren as actitudes lingüísticas da comunidade escolar.
- Achegar a literatura galega ao alumnado.
- Completar a biblioteca con literatura galega clásica e con literatura infantil e xuvenil.

A continuación propoñemos unha serie de actividades para celebrar algunhas das conmemoracións recollidas na orde do calendario escolar. A través das mesmas, acadaremos os obxectivos propostos e contribuiremos á adquisición das competencias establecidas na lexislación vixente, facendo especial fincapé na competencia en comunicación lingüística (CCL) e na competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). Tendo en conta todos estes aspectos, as actividades que propomos son, entre outras:

- Semana do Entroido: para conmemorar os días previos ao desfile de Entroido, o EDLG elaboraremos a proposta de disfraces e/ou complementos que os nenos levarán durante esta semana. Dita proposta presentarase para toda a

comunidade educativa a través do cartel: "os mandadiños do Entroido".

- Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro): para achegalos á figura de Rosalía de Castro, enviaremos ao profesorado diversa información e actividades para traballar na aula co alumnado sobre esta poetisa galega.
- Semana das Letras Galegas: para conmemorar o Día das Letras Galegas, facilitaremos ás titorías diversa información e actividades para traballar sobre o homenaxeado ou homenaxeada, contribuíndo a que o alumnado se achegue á súa vida e obra.

Namentres, ao longo do curso, tamén levaremos a cabo as seguintes actividades e/ou experiencias:

- Participación e colaboración cos diversos equipos e dinamizacións nas diferentes propostas que xurdan durante o ano.
- Traducións que soliciten os demais equipos e/ou persoal docente.
- Publicacións mensuais na páxina web para fomentar o uso do galego e que versarán, por exemplo, sobre: as novidades e actividades culturais do concello e da contorna próxima; curtas, textos, imaxes..., é dicir, recursos de interese en galego; etc.
- Colaboración na elaboración da revista "Badaladas".

En canto á celebración das festas tradicionais populares en Galicia, entre outras: o Samaín, o Magosto, o Entroido, colaboraremos cos restantes equipos do centro para facer diferentes propostas de actividades e que se poderán realizar de xeito voluntario.

Ademais, poderanse levar a cabo outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso derivadas dos intereses e motivacións do alumnado; de acontecementos que xurdan na contorna; ou de propostas dalgún membro da comunidade educativa.

6. PLURINFANTIL

É coñecido por todos que non hai máis fronteiras na Unión Europea que as lingüísticas e que unha vez que se aprende polo menos unha das linguas faladas nos países da UE, estas barreiras redúcense drasticamente. Esta situación leva á necesidade de que os estudantes adquiren máis competencia lingüística no uso da lingua estranxeira ao longo do seu proceso escolar.

O coñecemento de máis dunha lingua enriquece a visión que a persoa ten do mundo e axuda a promover a tolerancia e a comprensión entre os cidadáns de diferentes áreas lingüísticas e culturais. A sociedade reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado. A riqueza plurilingüe da aula convértese nun elemento de particular importancia, xa que favorece a exposición a linguas distintas da familiar de cada nena ou de cada neno, así como unha aproximación a estas a través de interaccións e actividades lúdicas. A partir diso, xorde a necesidade de educar no respecto e na valoración da bagaxe lingüística e sociocultural propia e allea, entendendo a pluralidade lingüística e dialectal como un elemento enriquecedor que proporciona as claves para unha maior e mellor comprensión do mundo. Tamén as manifestacións e representacións socioculturais constitúen un marco privilexiado para a comunicación. A lingua é un aspecto fundamental da identidade cultural dunha comunidade e por iso é necesario fomentar o coñecemento e a conservación das particularidades lingüísticas das contornas máis próximas do alumnado.

De todo iso espérase que xurda un diálogo intercultural cheo de matices entre as diferentes linguas e manifestacións culturais que xerará un amplo abano de coñecementos implícitos. Nese proceso, as palabras e o vocabulario propio de cada unha

das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

7. CONCLUSIÓN

A maioría dos membros da nosa comunidade educativa somos conscientes da riqueza lingüística coa cal contamos e o noso interese é facer aos máis pequenos coñecedores desa riqueza.